

# PARTICIPA NA ELABORACIÓN DAS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA

*Xuntos, protexemos a Paisaxe Galega*

XUNTA DE GALICIA
galicia

# ELEMENTOS E MEDIDAS




XUNTA DE GALICIA

galicia

## [REXISTRO - https://sixot.es/Paisaxe/directrices]

Para poder participar a través da plataforma online, é necesario rexistrarse creando unha conta cun nome de usuario e contrasinal. Unha vez creada a conta pódese acceder no apartado de datos de acceso.

## [PASO 1]

Unha vez dentro, debes escoller o ámbito territorial sobre o que queres facer as túas aportacións (o teu ámbito máis coñecido). Para isto tes que seleccionar no menú despregable a área paisaxística e dentro desta a comarca paisaxística.

## [PASO 2]



Os puntos en azul representan escenas paisaxísticas significativas da comarca escollida. Sobre eses puntos é que podes comezar a aportar a túa opinión e coñecemento. Selecciona un dos puntos co icono da frecha do menú do visor e, unha vez seleccionado o punto, aparecerá resaltado no visor e o seu nome aparecera coma:
Pto seleccionado: nome do punto.

## [PASO 3]

Entre as opcións do menú despregable (moito, algo e nada), agora debes valorar canto che gusta a paisaxe da escena seleccionada.

## [PASO 4]

Para o punto marcado no visor, selecciona os elementos que consideras que se atopan no ámbito desa escena entre os que aparecen no listado. Para cada un deses elementos selecciona as medidas que deberían adoptarse ou introduce algunha outra suxestión que non apareza entre as opcións de medidas dadas.

**IMPORTANTE:** ao rematar de seleccionar as medidas para cada un dos elementos, recorda premer en ACEPTAR, para que as túas opcións sexan engadidas no punto.

## [NOVAS APORTACIÓNS]

É posible valorar outras localizacións inserindo un novo punto coa ferramenta lápiz do menú do visor e repetindo os pasos dados anteriormente, é dicir, contestar a pregunta de se nos gusta esa paisaxe [Paso 3] e posteriormente seleccionar as medidas dentro dos elementos que se atopan nesa localización [Paso 4].

